

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de xaneiro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día vinte e oito de xaneiro do ano dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(69).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO CONVENIO COA ASOCIACIÓN ÉRGUETE PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE APROBADO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 17.12.2007. EXPTE. 26483/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Acción Social, do 23.01.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

Tense detectado por parte desta Xefatura algún erro nos contidos do Convenio aprobado en data 17 de decembro de 2007, por mor do que no clausulado do mesmo se refire a pagamento, gastos subvencionables e vixencia, fundamentalmente.

Entendendo que, motivado por algún erro de uso dos borradores previos do mesmo, non é coincidente o convenio efectivamente asinado entre a entidade (“Érguete”) e este Concello de Vigo, convenio visado pola Asesoría Xurídica Municipal e pola Intervención Municipal, e o aprobado nesa Xunta de Goberno Local en

data 17 de decembro pasado, compre a corrección debida.

Así, sinálanse os erros detectados, e como deberían ser corrixidos no clausulado.

TERCEIRA.- Coas finalidades máis arriba sinaladas, o Concello de Vigo subvencionará a Asociación ÉRGUETE coa cantidade de 90.000 euros.

O Concello se reserva a facultade de solicita-las axudas que estime oportunas, axustándose ó principio de adicionalidade.

O pago realizarase da seguinte forma:

- un 25 % do importe total da anualidade 2007 é dicir 22.500 euros, tras da sinatura do presente convenio, en concepto de anticipo,
- un 25% adicional no mes de decembro de 2007, é dicir 22.500 euros
- un 25% adicional no mes de xuño de 2008, é dicir 22.500 euros
- e o 25% restante, 22.500 euros, no mes de decembro de 2008

Para a tramitación dos restantes abonos a conta, será necesaria a aportación previa de xustificantes de gasto mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos realizados polo importe a abonar. Igualmente xunto có último pago deberá quedar debidamente xustificado, o importe total da subvención concedida mediante a achega dos correspondentes xustificantes a memoria anual.

A tramitación dos abonos a conta deberá incorporar a preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola dirección de U.A.D. "CEDRO" e a Xefatura da Área, que recolla a conformidade cos documentos xustificativos presentados e no que se manifeste expresamente o cumprimento parcial ou total, según proceda, do obxecto da subvención, ou aquelas deficiencias ou circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que contera memoria de actuación xustificativa e memoria de económica xustificativa.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables aqueles que estén directamente relacionados coas actuacións comprendidas dentro dos obxectivos do programa a que responde o presente convenio, dos previstos nos orzamentos se que reflectan nos anexos I e II do presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro de 2007 ao 31 de decembro do ano 2008, sempre que nos orzamentos do ano 2008 contemplan crédito para o mesmo fin e sen que deste convenio se derive obriga algunha para o Concello-Pleno de aprobar tal partida orzamentaria nos devanditos orzamentos do ano 2008.

En base ao exposto propónse a Xunta de Goberno Local a dopción do seguinte acordo:

“Rectificar as cláusulas Terceira, Quinta e Décimo Segunda do convenio coa Asociación Érguete para o desenvolvemento dun programa de promoción da saúde aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17 de decembro de 2007, debendo figurar as cláusulas de acordo co seguinte literal:

TERCEIRA.- Coas finalidades máis arriba sinaladas, o Concello de Vigo subvencionará a Asociación ÉRGUETE coa cantidade de 90.000 euros.

O Concello se reserva a facultade de solicita-las axudas que estime oportunas, axustándose ó principio de adicionalidade.

O pago realizarase da seguinte forma:

- un 25 % do importe total da anualidad 2007 é dicir 22.500 euros, tras da sinatura do presente convenio, en concepto de anticipo,
- un 25% adicional no mes de decembro de 2007, é dicir 22.500 euros
- un 25% adicional no mes de xuño de 2008, é dicir 22.500 euros
- e o 25% restante, 22.500 euros, no mes de decembro de 2008

Para a tramitación dos restantes abonos a conta, será necesaria a aportación previa de xustificantes de gasto mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos realizados polo importe a abonar. Igualmente xunto có último pago deberá quedar debidamente xustificado, o importe total da subvención concedida mediante a achega dos correspondentes xustificantes a memoria anual.

A tramitación dos abonos a conta deberá incorporar a preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola dirección de U.A.D. "CEDRO" e a Xefatura da Área , que recolla a conformidade cos documentos xustificativos presentados e no que se manifeste expresamente o cumprimento parcial ou total, según proceda, do obxecto da subvención, ou aquelas deficiencias ou circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria de económica xustificativa.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables aqueles que estén directamente relacionados coas actuacións comprendidas dentro dos obxectivos do programa a que responde o presente convenio, dos previstos nos orzamentos se que reflectan nos anexos I e II do presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro de 2007 ao 31 de decembro do ano 2008, sempre que nos orzamentos do ano 2008 contemplan crédito para o mesmo fin e sen que deste convenio se derive obriga algunha para o Concello-Pleno de aprobar tal partida orzamentaria nos devanditos orzamentos do ano 2008."

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

2(70).- DEVOLUCIÓN DE AVAL PRESENTADO EN DATA 28.08.07 POLA IRMANDADE DE DOANTES DE SANGUE DE VIGO. EXPTE. 74185/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transportes, do 17.01.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval presentado en data 28 de agosto de 2007 pola IRMANDADE DE DOANTES DE SANGUE DE VIGO, con C.IF.G-36.609.758, por un importe de 600 €, para responder dos posibles danos con motivo da celebración do "XXVI FESTEXO AO DOADOR DE SANGUE", o día 1 de setembro, no parque municipal Quiñones de León, por non producirse danos na vía pública.

3(71).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE 3 OBRAS DE LAXEIRO PARA DÚAS EXPOSICIÓNS EMBLEMÁTICAS CON MOTIVO DO CENTENARIO DO PINTOR. EXPTE. 02639/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal

Quiñones de León, conformado pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal das obras préstamo das obras de José Otero Abeledo."Laxeiro" Xente. INV. 220, Neno xogando. INV. 215, Pintor informalista. INV. 213, , pertencente á colección de arte galega do museo; por parte da entidade Fundación Pedro Barrié de la Maza, para a exposición "LAXEIRO. La lógica de lo irracional", a celebrar entre o 27 de febreiro e o 1 de xuño de 2008 na Fundación Pedro Barrié de la Maza. Sede de A Coruña; conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal.

4(72).- NOMEAMENTO COMO VOCAL DA MESA DE CONTRATACIÓN Ó TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 18261/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 23.01.08, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local celebrada o 06-08-2007 nomeou os membros da Mesa de Contratación do concello de Vigo, entre os que figuraba como vocal D. Pablo Figueroa Dorrego na súa calidade de titular da Asesoría Xurídica do Concello . Rcentemente foi nomeado D. José Abelardo Blanco Serrano como titular da Asesoría Xurídica.

De conformidade co art. 127.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), o órgano de contratación do Concello de Vigo é a Xunta de Goberno Local, a Disposición Adicional Novena 3. do TRLCAP advirte que nas Administracións Locais a Mesa de Contratación estará presidida polo Presidente da Corporación, ou membro da mesma en quen delegue, formando parte dela como vocais o Secretario, o Interventor e aqueles outros que se designen polo órgano de contratación, é dicir, pola Xunta de Goberno Local, actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

A Disposición Adicional oitava f) da LBRL indica que as funcións que a lexislación sobre contratos das Administracións Públicas asignen ós Secretarios dos Concellos corresponderán ó Titular da Asesoría Xurídica.

De conformidade cos preceptos legais citados, e sen prexuízo das delegacións que neste senso se teñen efectuado, proponse á Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como vocal da Mesa de Contratación do Concello de Vigo a D. José Abelardo Blanco Serrano en función do seu cargo de Titular da Asesoría Xurídica do Concello, como suplente de este actuará D. Francisco González-Yebra Pimentel, Técnico de Administración Xeral e Letrado da Asesoría Xurídica. En caso de ausencia de ambos o titular da Asesoría Xurídica poderá delegar a súa asistencia en calquera outro Técnico de Administración Xeral do servizo de asesoría Xurídica.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados, proceder a súa publicación no BOP e dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano realice.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(73).- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR PARQUE INFANTIL NA PRAZA DE FERNANDO CONDE MONTERO RIOS Á EMPRESA QUELVITRIZ, S.L. EXPTE. 18152/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.01.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Público Local. (B.O.P 30 de decembro de 2006)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- QUELVITRIZ SL, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de setembro de 2007 solicitou autorización para a instalación dunha área de xogos infantís na Praza interior Fernando Conde Montero-Rios, para o seu uso pola escola infantil a instalar nos baixos do edificio “Residencial Fraga”, durante o horario da escola (dous horas ó día) estando o resto do tempo a disposición dos cidadáns. O efecto, achegou a correspondente documentación técnica descriptiva da instalación interesada.

Segundo.- Na instrución do expediente emitíronse informes polos seguintes servizos municipais:

- Oficina do Inventario Municipal de Bens de data 26 de outubro de 2007.
- Servizo de Educación de data 23 de outubro de 2007.
- Servizo de Montes, Parques e Xardíns en datas 31 de outubro de 2007 e 19 de decembro de 2007.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- O instalación proxectada ten por obxecto o establecemento pola interesada dun parque de xogos infantís na Praza interior Fernando Conde Montero-Rios, nunha superficie de 75 m², dacordo coa documentación técnica presentada en data 26.11.2007 e informada favorablemente polo enxeñeiro técnico municipal do servizo de parques e xardíns o 19 de decembro do 2007.

Segundo.- A ocupación da Praza pública coa instalación proxectada, implica un uso privativo do dominio público, configurándose aquel que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).

Terceiro.- É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante necesario sería a autorización administrativa, dado que a ocupación efectúase con instalacións desmontables, sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos, caso no que procedería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

Cuarto.- O órgano competente para o outorgamento da presente autorización é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no o artigo 127.1.f da LBRL, que lle atribúe a xestión do patrimonio.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Autorizar a QUELVITRIZ SL a ocupación do dominio público mediante a instalación dun área de xogos infantís na Praza interior Fernando Conde Montero-Rios, dacordo co proxecto presentado, e con sometemento as seguintes condicións xurídicas e técnicas:

- 1. A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupar a vía pública coa instalación do parque infantil proxectado, non implicando en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o mesmo.*
- 2. O parque infantil podera utilizarse pola interesada, con exclusión expresa de calquera outro uso ou fin, como patio de xogos da escola infantil a instalar nos baixos do edificio “Residencial Fraga” na Praza interior Fernando Conde Montero-Rios, en horario escolar, debendo quedar o resto do tempo para uso público dos cidadáns.*

3. *A interesada debera presentar, no prazo de 15 días dende a data de remate da obra, certificado de instalación consonte instalouse correctamente.*
4. *A interesada debera comunicar ao Servizo Municipal de Educación, previamente o inicio da actividade e con anterioridade o comenzo de cada curso escolar, o horario previsto do uso das instalación pola devandita escola infantil.*
5. *O Parque infantil e as súas instalacións estarán en todo momento en perfecto estado de conservación, debendo proceder a entidade autorizada, en caso contrario, a súa reparación ou substitución. Todos os gastos de mantemento e conservación corresponderánlle á dita entidade.*

QUELVITRIZ SL responderá dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia do seu estado de conservación e mantemento, ou da súa utilización e funcionamento.

6. *O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado do parque e instalacións, a súa adecuación o proxecto e fins autorizados así como do estado do dominio público sobre a que están instalados. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario a revocación da autorización.*
7. *O Concello carece de responsabilidade algunha sobre o parque infantil e súas instalacións, non respondendo dos posibles danos, avarias, deterioros ou destrución total ou parcial que poida sufrir, incluso por feitos derivados de actos de terrorismo, sabotaxe, vandalismo, fortuitos ou forza maior.*
8. *Cando por necesidades de esta Administración fora precisa a reubicación do parque infantil, o seu traslado será por conta da entidade autorizada.*
9. *A presente autorización resulta condicionada ao otorgamento da correspondente licenza urbanística, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, ao proxecto de instalación do parque infantil, e sen prexuício das demais autorizacións que requira.*

No prazo dun ano, dende a data da formalización en documento administrativo da presente autorización, debera terse outorgada dita licenza urbanística.

10. *A presente autorización estará suxeita o aboamento das taxas correspondentes por ocupación da vía pública, dacordo co disposto na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Publico Local.*
11. *A entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 600 € (seiscentos euros) para responder dos danos que se poidan ocasionar ao dominio público ocupado, nas operacións de instalación-desinstalación do parque infantil, ou no desenvolvemento da actividade, e do cumprimento pola autorizada das demais obrigas previstas na presente autorización.*
12. *A autorización outorgarase por prazo dun ano, prorrogábei tácitamente por períodos anuais se non media denuncia por ningunha das dúas partes, cunha antelación mínima de dous meses ao remate do prazo en vigor, e ata un máximo de catro anos (incluídas as prórrogas).*

O prazo computarase dende a data da notificación da licenza urbanística a que atopase condicionada a autorización.

13. *A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.*
14. *A autorización extinguirase pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:*
 - a) *Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a autorización ou denuncia de calquera das prórrogas.*

- b) *Renuncia da empresa a autorización.*
- c) *Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.*
- d) *Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
- e) *A no concesión da licencia urbanística no prazo previsto.*
- f) *Disolución, fusión ou escisión da empresa.*
- g) *Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sin xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de tres meses.*

15. *Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá á retirada do parque e instalacións do dominio publico, nun prazo máximo de quince días dende a data da notificación da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeren, e debendo repoñer o dominio público municipal ao seu estado orixinal.*

Segundo.- A presente autorización formalizaráse en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación do presente acordo ao solicitante.

Terceiro.- Dar traslado da presente aos servizos municipais interesados.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(73).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A NORVIAL, S.L, POR IMPORTE DE 6.368,24 €. EXPTE. 2137/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina técnica, o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Patrimonio, do 23.01.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Norvial S.L. a fianza de 6.368,24 euros, constituída para responder das “Obras 1ª fase de conservación da Vila Romana de Toralla”, xa que foron recibidas mediante acta de 28.12.06 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

7(74).- RECLAMACIÓN DE D. SEVERINO ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADA.. EXPTE. 1371/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 21.01.08, cofnormado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Severino Alonso Porto presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2.1.2007 no que expón que o vehículo de súa propiedade, sufriu danos materiais valorados en 80 euros, tras pasar polos clavos de iluminación pública na estrada Ramiro Pascual.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo de electromecánicos de data 20.3.2007, no que indican que as farolas de iluminación pública da rúa Ramiro Pascual atópanse situadas na beirarrúa, estando prohibida a circulación de vehículos sobre ésta.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime

Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade cos ditames números 135/2006 e 45/1997, entre outros, do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Do exame do expediente, en especial informe do Servizo de electromecánicos resulta que o lugar onde o reclamante di que tiveron lugar os danos no seu vehículo trátase dunha beirarrúa, lugar únicamente apto para peóns, exisindo de acordo coa normativa xeral prohibición de aparcar, circular, ... O artigo 38.4 do Real decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, establece que o rexime de parada e estacionamento en vías urbanas regúlase pola ordenanza municipal correspondente. A Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo nos seus artigos 13.3 e 15.2 prohiben totalmente a parada e o estacionamento nas partes da vía reservadas para a utilización, servizo ou circulación de determinados usuarios, e polo tanto, nas zonas de viandantes.

Cuarto.- Consonte co anterior, apreciada a grave negligencia da solicitante ó estacionar ou circular co seu vehículo nunha zona non habilitada par elo, a, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Severino Alonso Porto, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(75).- RECLAMACIÓN DE D^a M^a ELENA CARRERA FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADA. EXPTE. 1372/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 14.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Maria Elena Carrera Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de xaneiro de 2007 no que expón que o día 8 de decembro de 2006, o vehículo da súa propiedade, com matrícula PO-2572-AX, cando se atopaba estacionado na rúa Estrada, recibiu o impacto dun colector de lixo movido polo vento, causándolle danos materiais.

A reclamación sustánciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 8.12.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos don Jose Luis Serantes Vaz, condutor do vehículo relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de danos no vehículo.*
- *Informe do Servizo de limpeza do Concello, de data 18.1.2006, indicando non teren máis constanza dos feitos reclamados do que xa consta no parte de servizo da Policía Local.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 23.1.2006, sobre os prezos do informe pericial de Kia Motor.*
- *Evacuáse trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria da subministración e mantemento de colectores de lixo, que fai alegacións en data 6.2.2007.*
- *Evacuáse trámite de audiencia a Fomento de Construcciónes y Contratas, concesionaria do mservizo de limpeza e recollida do lixo, que fai alegacións en data 22.2.2007.*
- *Evacuáse trámite de audiencia ó reclamante en data 6.3.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un perxuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son suministrados por un

concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, recolectores suministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Terceiro.- A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto legislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das actuacións seguidas no expediente, resulta que:

- a) No parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar a requirimento do condutor do vehículo, consta como o reclamante lles manifesta que os danos que tiña o vehículo foron debidos ó desprazamento dun colector de lixo, e observan danos no vehículo.
- b) Non obstante o anterior, non hai testemuñas presenciais do accidente, e tampouco consta no atestado policial que xunto ó vehículo se atopara un colector de lixo, senón que os policiais actuantes recollen as manifestacións do interesado e constatan uns danos no vehículo.
- c) Tampouco as fotografías que achega o solicitante acreditan nada, posto que nelas obsérvanse dous colectores de lixo tombados simétricamente no chan, na beirarrúa oposta a aquela onde se atopaba o vehículo aparcado.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesado, de que os danos no seu vehículo ocorreron nas circunstancias que el indica, isto é a consecuencia dun colector que o vento desprazou, , por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e o atestado policial recolle as súas manifestacións e observa uns danos no vehículo, pero non constata a causa de ditos danos, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Polo exposto , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona maria Elena carrera Fernández por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(76).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL NO 3º E 4º TRIMESTRE A PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 18002/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 16.01.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.01.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, parques e Xardíns, Extinción de Incendios e Salvamento, Sanidade e Parque Mobil, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 1467,24 € ,

correspondentes ó 4º trimestre de 2007 (excepto xuventude que pertencen ao 3º trimestre) e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

10(77).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO REDUCCIÓN DE XORNADA DE FUNCIONARIA. EXPTE. 18009/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 15.01.08, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

DECRETO

Vista a solicitude (doc. núm. 80003858) de Dª Ana Kowalski Bianchi, (núm. persoal 78120) asesora xurídica do CMIDM, adscrita ao departamento da Muller, de deixar sen efecto a xornada reducida autorizada en virtude de resolución de data 8 de setembro de 2006,

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

Deixar sen efecto a partir do día 1 de febreiro de 2008, a redución de xornada solicitada por Dª Ana Kowalski Bianchi, núm. persoal 78120, con posto de traballo de asesora xurídica do CMIDM, adscrita ao Departamento da Muller, debendo percibir a partir de dita data as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(78).-GRATIFICACIÓN POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS OS DÍAS 24, 25 E 31 DE DECEMBRO DE 2007 E 1 DE XANEIRO 2008. EXPTE. 18005/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 16.01.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.01.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e abonar ó persoal que figura nas relacións adxuntas, Parque Central de Servizos que comenza por D Manuel Costas Dominguez e remata por D. J. Antonio Rodriguez Souto, Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento que escomenza por D. Frabscisco J Abreu Torres e remata por D Alberto Villar Gutierrez , Servizo de Cemiterios supón un total de 2122.45 e comenza por D Jesus Alfonso Sanmartin e remata por Delmiro Vilanova Acuña e Policia Local que comenza por D Constante Alonso Caride e remata por D Juan Guillermo Vivero Mijares ,unha gratificación por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2006 e 1 de xaneiro de 2007, as cantidades que figuran para cada un deles e que ascenden a un total de 27395,55.

12(79).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A OFICIAIS CONDUCTORES DA ALCALDÍA, 4º TRIMESTRE 2007. EXPTE. 17992/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 16.01.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.01.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboas ós seguintes funcionarios, que prestan servizos com conductores adscritos á Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. Decreto 861/86, de 25 de abril, durante o cuarto trimestre de 2007:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. Persoal 10257, conductor de Alcaldía 2.238,75 €.
- D. Cesáreo Rocha Parmés, núm. Persoal 12256, conductor da Alcaldía, 867,34 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e a Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do concello no prazo de quince días.

13(80).-GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS DE GRAN GALA DA POLICÍA LOCAL NOS ACTOS DO DÍA DA CONSTITUCIÓN 2007. EXPTE. 18001/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 16.01.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.01.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da celebración do día da Constitución, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Barciela Rivera e remata por dona Katia Gonzalez Garcia, por unha cantidade total de 454,53 € .

14(81).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE REDUCCIÓN DE XORNADA DE D. JOSE A. VILLAR COMESAÑA.EXPTE. 18808/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.01.07, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada en Rexistro Xeral 8 de xaneiro de 2007, (doc. núm. 80002289) D. José A. Villar Comesaña, nº persoal 21380, Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, solicita se lle conceda unha redución da garda de 24 horas en 6 horas (2 de mañá, 2 ao mediodía e 2 de noite) durante dous meses contados a partir do día 22 de xaneiro de 2008 e que remata o 21 de marzo de 2008.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Segundo.-Dita petición é informada favorablemente polo Concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade así como polo xefe do Servizo, concretando este último o intervalo das horas solicitadas os días de garda nos seguintes horarios:

- *Mañá: de 08 a 10 horas.*
- *Tarde: de 14,30 a 16,30 horas.*
- *Noite: de 20 a 22 horas.*

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Area de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Autoriza-la redución de garda de 24 horas de D. José A. Villar Comesaña, nº persoal 21380, Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, en 6 horas (concretando o intervalo das horas solicitadas os días de garda nos

- 4) En estricto cumprimento deste mandato, o equipo técnico confeccionou un documento rubricado “guía de funcións dos postos de traballo”, debatido oportunamente no marco da Comisión paritaria así coma outro documento denominado “guía de funcións por servizos”, pendente de aprobación. Ditos documentos, ademáis das fichas de preclasificación dos postos, nas que se asigna a cada posto unha puntuación según a existencia ou non de factores definidos segundo a regulación legal na materia como coñecementos, complexidade das tarefas, responsabilidade sobre persoal, esforzo físico, esforzo mental, etc e a traducción de ditas puntuacións en Complementos de Destino e Complementos Específicos, que teñen o seu correlato nos conceptos utilizados polo art. 24 da Lei 30/84.*
- 5) A realización desta valoración individualizada e específica de cada posto de traballo deu lugar a proposta retributiva inicial dos postos, elaborada en atención ós criterios de valoración que o equipo técnico fai constar na Memoria do traballo de 1 de marzo de 2002.*
- 6) Paralelamente, e con motivo deste primeiro documento técnico de traballo, procédese a unha fase de debate e negociación político sindical que culmina cunha nova proposta económica na que se introducen unha serie de cambios verbo do documento técnico de traballo.*
- 7) Acordo da Comisión de Goberno de 11 de febreiro de 2002 establecendo os criterios de asignación dos complementos retributivos.*
- 8) Mesas Xerais de Negociación, de datas 31 de maio e 12 de setembro de 2005, integrada polo concelleirodelegado da Área de Xestión municipal e as distintas centrais sindicais lexitimadas en materia de negociación colectiva, que acorda aplicar, entre outros, ós postos de auxiliar administrativo o fondo de adecuación de recursos humanos correspondente á anualidade 2005.*
- 9) Cumprimentando os compromisos mencionados, a orde de servizo do Concelleiro delegado de persoal de data 2 de novembro de 2005 na que se insta ao servizo de Persoal a instrucción do correspondente expediente,*

que culmina no citado acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2005.

10) Respecto ós postos dos auxiliares administrativos da Xerencia Municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 23 de abril de 2007, acordou:

“PRIMEIRO: Recoñecer o dereito dos auxiliares administrativos pertencentes á Xerencia Municipal de Urbanismo a percibir os mesmos complementos retributivos “de destino” e “específico” que o resto dos auxiliares administrativos do Concello con funcións equivalentes.

SEGUNDO: Insta-la realización dos trámites pertinentes para que nos vindeiros orzamentos municipais se faga efectiva dita equiparación salarial, cos efectos retroactivos que procedan, para palia-la discriminación padecida por ditos funcionarios.”

Os fundamentos de dereito desta adecuación retributiva, segundo expresa o informe do Secretario da Xerencia emitido o 26 de marzo de 2007, son esencialmente os seguintes:

“I.- No art. 23.3.a) Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Reforma da Función Pública, defínese o “complemento de destino” como unha retribución accesoria “correspondente ao nivel do posto que se desempeñe”.

No art. 64.3.a) Lei 4/1988, de 26 de maio da función pública de Galicia engádese que o “complemento de destino”: “(...) figurará nas relacións de postos de traballo e será igual para tódolos postos do mesmo nivel”. Do mesmo xeito, no art. 3 RD 861/1986, de 25 de abril, aprobatorio do réxime de retribucións na Administración local dispón o seguinte sobre o complemento de destino:

- “1. O Pleno de cada Corporación, na relación de postos de traballo, determinará o nivel correspondente a cada un deles dentro dos límites mínimos e máximos que se determinan no anexo deste Real Decreto.*
- 2. A asignación de niveis deberá efectuarse de tal forma que, en todo caso, o nivel de complemento de destino dun posto de traballo sexa superior ao que corresponda a calquér outro subordinado ao mesmo.*
- 3. A asignación de niveis de postos de traballo non incluídos na relación de postos tipo efectuarase polas Corporacións sobre a base da responsabilidade que se derive das funcións a eles encomendadas e/ou por analoxía ou similitude cos postos da estrutura establecida.*
- 4. A cuantía do complemento de destino deberá reflectirse anualmente no orzamento de cada Corporación, segundo estableza para cada nivel a Lei de Presupostos Xerais do Estado para os funcionarios da Administración Civil d Estado (...).”*

II.- No art. 23.3.a) Lei 30/1984, do 2 de agosto e art. 64.3.b) Lei 4/1988, de 26 de maio citadas dispónse que o “complemento específico” constitúe unha retribución das “condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, peligrosidade ou penosidade”.

No art. 4 RD 861/1986, de 25 de abril preceptúase que:

“(...) 2. O establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo (...).

3. Efectuada a valoración, o Pleno da Corporación, ao aprobar a relación de postos de traballo, determinará aqueles aos que corresponde un complemento específico, sinalando a súa respectiva contía.

4. A cantidade global destiñada á asignación de complementos específicos figurará no orzamento e non poderá exceder do límite máximo expresado no artigo 7.2, a), desta norma”.

En consecuencia, procede -de acordo coa valoración realizada- a adecuación dos conceptos retributivos dos postos de auxiliar administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo, nos seguintes términos:

- Complemento de destino: cambio do nivel 15 ó 16.*
- Complemento específico: asignarlle un importe de 8.126,27 euros/ano (código 166).*

Estas condicións retributivas teñen consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas partidas 4320.1210000 de retribucións complementarias e 4320.1210100 de fondo de adecuación dos postos de traballo.

IV) VALORACIÓN DO POSTO DE DIRECTOR DO ÁREA DOS SERVIZOS CENTRAIS.

Sin perxuízo de que a modificación das condicións retributivas do posto de director do Área dos Servizos Centrais baséase na necesidade de equiparar ditas condicións coas do resto dos postos de dirección de Área do Organismo Autónomo (creados no organigrama e relación de postos de traballo aprobados co Orzamento do exercicio 2005), determínase a continuación a valoración específica do citado posto de director do Área de Servizos Centrais seguindo un dobre criterio:

- Contido e funcións a desenvolver polo director do Área dos Servizos Centrais.
- Comparación con postos da relación de postos de traballo do Concello.

IV.1.- CONTIDO E FUNCIÓNS A DESENVOLVER POLO DIRECTOR DO ÁREA DOS SERVIZOS CENTRAIS.

As funcións a desenvolver polo director do Área dos Servizos Centrais poden englobarse, de conformidade co organigrama e a relación de postos de traballo ata agora vixente, do seguinte xeito:

a) Funcións propias dos Servizos Económicos.

O artigo 85 bis.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, establece respecto ós organismos autónomos e as entidades públicas empresariais que “o réxime orzamentario, económico-financieiro, de contabilidade, de intervención, control financeiro y control de eficacia, serán, en todo caso, conformes coa lexislación sobre as Facendas Locais e co disposto no capítulo III do título X desta lei.”

Este capítulo III do título X da citada Lei 7/1985 establece respecto a xestión económico-financieira as seguintes funcións:

- Presupostación.
- Contabilidade.
- Tesourería e recadación.
- Xestión tributaria.

A titularidade destas funcións e a responsabilidade no seu exercicio e desenvolvemento son atribuídas ó director do Área dos Servizos Centrais.

A presupostación supón o desenvolvemento dos seguintes cometidos:

- Elaboración e tramitación do Orzamento anual do Organismo Autónomo.
- Seguemento da súa execución.
- Elaboración e tramitación das modificacións orzamentarias ó longo do exercicio.
- Liquidación do Orzamento.

A nivel cuantitativo pode apuntarse que o último Orzamento liquidado da Xerencia Municipal de Urbanismo superou os 14 millóns de euros.

A función de contabilidade abarca:

- A plasmación nas correspondientes operacións contables de todos os actos administrativos con trascendencia económica, seguindo a Instrucción de Contabilidade vixente. Actualmente realizanse ó ano unhas 3.600 operacións contables.
- A levanza de libros e confección de tódolos estados anuais que integran a Conta Xeral.

As funcións propias de tesourería e recadación son:

- A realización de arqueos mensuais e anuais (existencias e movementos das contas bancarias).
- A levanza dunha base de datos de recadación cos máis de 3.000 ingresos que se producen ó ano.
- As liquidacións trimestrais e anuais dos tributos estatais a cargo da Xerencia, esencialmente IVA e IRPF.
- A liquidación da Seguridade Social, Plans de pensións, cotas sindicais, etc.
- O seguemento de recadación en prazo voluntario dos tributos, multas, ingresos por execucións subsidiarias e cotas de urbanización impagadas ás Xuntas de Compensación.
- O aboamento da nómina do persoal propio da Xerencia de Urbanismo.

A xestión tributaria e de ingresos en xeral engloba:

- A revisión das autoliquidacións tributarias (taxas pola expedición de documentos e polas tramitación de licenzas de obras e actividades) realizadas polos contribuíntes (máis de 2.500/ano), derivando en moitos casos en liquidacións complementarias e devolución de ingresos indebidos.
- A xestión e seguemento de ingresos derivados do alleamento do Patrimonio Municipal do Solo: aproveitamentos urbanístico e terros patrimoniais urbanos/urbanizables.
- O seguemento das multas e sancións por infraccións urbanísticas.
- A liquidación das execucións subsidiarias realizadas a costa dos infractores ou incumpridores de ordes de execución.
- A xestión e seguemento das subvencións e transferencias recibidas doutras Administracións (do propio Concello e da Xunta e do Estado esencialmente en relación coas actuacións da Oficina de Rehabilitación da Vivenda).
- O seguemento dos ingresos patrimoniais, como os intereses dos depósitos bancarios.
- A proposta e colaboración coa Dirección de ingresos do Concello nas liquidacións do imposto de construcións, instalacións e obras.

Ademáis destas catro funcións expostas (recoñecidas legalmente), dentro da xestión económica podemos incluír a xestión do gasto público e o apoio a función de fiscalización realizada pola Intervención Xeral do Concello.

A xestión e tramitación dos gastos comprende:

- Os gastos de persoal (nóminas, anticipos, fondo social, plan de pensións, formación, etc.).
- Os gastos corrientes: alugueres, mantementos e reparacións, atencións protocolarias, material de oficina e informático, teléfono, gasóleo, limpeza, seguridade, seguros, comunicacións postais, asistencia técnica, dietas, locomocións, etc.
- As subvencións ós particulares (básicamente as da Oficina de Rehabilitación de Vivenda do Casco Vello e Bouzas).
- As cotas de urbanización a cargo do Concello como propietario integrante de Xuntas de Compensación.
- As execucións subsidiarias.
- Os gastos de investimento tanto en bens patrimoniais como en bens de uso e servizo público.
- As ordes de pagamento a xustificar e notas de gastos.

b) Funcións de persoal e recursos humanos.

Aínda que puntualmente realízanse determinadas xestións en relación co persoal do Concello adscrito á Xerencia, a xestión do persoal realízase respecto ó persoal propio do Organismo Autónomo (42

traballadores de plantilla e o contratado temporalmente), comprendiendo, ademáis das funcións xa sinaladas de xestión de nóminas e outros gastos de persoal:

- A confección anual do cadro de persoal e o cálculo do seu coste, como parte integrante do Orzamento do Organismo Autónomo.
- A elaboración e tramitación da relación de postos de traballo.
- A elaboración e tramitación da oferta de emprego público.
- A elaboración e tramitación das bases para a selección e provisión das prazas vacantes (oposicións, concursos-oposicións e concursos de traslados).
- A organización e celebración das citadas probas de selección.
- A tramitación dos expedientes de contratación temporal de traballadores.
- Outras tarefas esporádicas como ordes de traslado, de servizo, etc.

c) *Funcións de contratación.*

En relación coas funcións descritas de xestión de gasto realízanse funcións propias dun servizo de contratación. A maioría dos expedientes son de contrato menor, pero tamén realízanse licitacións en relación con servizos, como o de limpeza ou o de seguridade, con asistencias técnicas para a redacción do planeamento ou para a xestión da Oficina de Rehabilitación, e puntualmente con obras públicas.

d) *Informática.*

Neste caso as funcións límitanse a unha mera supervisión da disposición de medios suficientes e dos traballos realizados polos informáticos, en relación coas necesidades planteadas polos distintos servizos da Xerencia. Tamén se coordinan actuacións coa administración central do Concello.

e) *Conserxería.*

Supervísase o traballo desenvolto polos ordenanzas e realízanse xestión tendentes a que existan medios humanos suficientes en relación ás necesidades planteadas.

IV.2.- COMPARACIÓN CON POSTOS DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO.

Toda vez que os Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, no seu artigo 16, establecen que “as retribucións básicas e de complementos retributivos do persoal da Xerencia, nas súas diferentes categorías e nos diferentes postos de traballo, serán as que corresponda a aqueles postos de traballo de igual grao e contido do resto da organización municipal segundo o acordo regulador vixente en cada momento”, realízase a continuación unha enumeración de postos da relación de postos de traballo do Concello ata agora vixente que realizando as funcións antes descritas teñen asignado condicións retributivas iguais ou superiores respecto ás asignadas ó posto de director dos Servizos Centrais na relación de postos de traballo da Xerencia que se pretende aprobar:

- *Xefe de contabilidade.*
- *Xefe de fiscalización.*
- *Director área de investimentos.*
- *Tesoureiro*
- *Dirección de ingresos.*
- *Xefe de tributos.*
- *Xefe de réxime interior.*
- *Xefe de persoal.*

- Xefe de área de contratación e novos proxectos.

Evidentemente, en comparación con cada ún, as funcións e cometidos asumidos na correspondiente materia polo posto de director dos Servizos Centrais son notablemente inferiores, pero no seu conxunto a dificultade técnica, a dedicación necesaria e a responsabilidade asumida enténdese comparable.

Debe terse en conta que cando en 1996 a Xerencia Municipal de Urbanismo constituíuse como un Organismo Autónomo, Urbanismo era ún dos seis sectores que integraban a organización municipal. Na actualidade é unha das nove áreas que integran a mesma. Trátase, por tanto, dunha parte cuantitativamente (número de expedientes tramitados, persoal e orzamento asignados) e cualitativamente (pola relevancia e dificultade técnica) importante da xestión municipal.

En consecuencia, o posto que asuma as responsabilidades anteriormente descritas, especialmente as de contabilidade, tesourería e presupostación (por requirer legalmente éstas unha identificación individual dentro da xestión económico-financieira) deberá ter as condicións retributivas propostas:

- Complemento de destino: nivel 28.
- Complemento específico: 29.102,60 euros/ano (código 6).

Estas condicións retributivas teñen consignación orzamentaria adecuada e suficiente na partida 4320.1210000 de retribucións complementarias.

A fundamentación legal da necesidade de adecuar as retribución deste posto ós do resto dos directores de áreas encontrase basicamente nos seguintes preceptos:

- 1) *No art. 64.3.a) Lei 4/1988, de 26 de maio da función pública de Galicia engádese que o “complemento de destino”: “(...) figurará nas relacións de postos de traballo e será igual para tódolos postos do mesmo nivel”.*
- 2) *No art. 3.3 RD 861/1986, de 25 de abril, aprobatorio do réxime de retribucións na Administración local, que dispón sobre o complemento de destino que “a asignación de niveis de postos de traballo non incluídos na relación de postos tipo efectuarase polas Corporacións sobre a base da responsabilidade que se derive das funcións a eles encomendadas e/ou por analoxía ou similitude cos postos da estrutura establecida.”*
- 3) *No art. 23.3.a) Lei 30/1984, do 2 de agosto e art. 64.3.b) Lei 4/1988, de 26 de maio citadas dispónse que o “complemento específico” constitúe unha retribución das “condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, peligrosidade ou penosidade”.*
- 4) *No art. 4 RD 861/1986, de 25 de abril preceptúase que:
“(…) 2. O establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo (...).
3. Efectuada a valoración, o Pleno da Corporación (dende a Lei 57/2003, a Xunta de Goberno Local nos municipios de gran poboación), ao aprobar a relación de postos de traballo, determinará aqueles aos que corresponde un complemento específico, sinalando a súa respectiva contía.
4. A cantidade global destiñada á asignación de complementos específicos figurará no orzamento e non poderá exceder do límite máximo expresado no artigo 7.2, a), desta norma”.*

V) NECESIDADE DE CONFORMAR UNHA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO QUE INTEGRE TODO O PERSOAL QUE PRESTA SERVIZO NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

O persoal que presta servizo na Xerencia Municipal de Urbanismo está integrado por:

- 1) *Persoal do cadro de persoal do Concello que está adscrito á Xerencia de Urbanismo. Os seus postos de traballo están contemplados na R.P.T. do Concello.*
- 2) *Persoal do cadro de persoal deste Organismo Autónomo. Os seus postos de traballo están contemplados na R.P.T. da Xerencia de Urbanismo.*

Tendo en conta que a relación de postos de traballo debe constituir un elemento esencial de organización dos recursos humanos de que dispón o Organismo Autónomo, non cabe que non exista un documento único que permita realizar unha adecuada xestión do persoal existente. A existencia dunha dobre relación de postos de traballo produce fortes trastornos nesta xestión.

É necesario artellar unha modificación sustancial dos documentos de xestión do persoal ó servizo da Xerencia Municipal de Urbanismo que persiga a consecución dos seguintes obxectivos:

- 1) *Dispor dunha relación de postos de traballo única que integre todo o persoal que presta servizo no Organismo Autónomo e que permita de forma permanente:*
 - *Ter unha clara visión dos recursos disponibles e dos que deben demandarse.*
 - *Posibilitar unha acción directa sobre as constantes necesidades de organización do capital humano disponible: ante unha determinada problemática dar unha resposta inmediata dende a propia Xerencia.*
- 2) *Garantir unha situación estable e segura xurídicamente para todo persoal que presta servizo na Xerencia.*
- 3) *Permitir a mobilidade do persoal do Concello a postos do Organismo Autónomo e viceversa sin cambiar a súa situación de servizo activo na entidade que obtivo praza.*

A tal efecto, propónse:

1º) Que todo o persoal que presta servizo na Xerencia Municipal de Urbanismo e obtivera praza de forma regulamentaria esté integrado no cadro de persoal do Concello, estando en situación de servizo activo.

2º) Que dito persoal ocupe postos nunha relación única que, a proposta do Consello de Xerencia, sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello. Esta relación de postos de traballo debe gozar de autonomía respecto á do Concello, sin perxuízo da súa necesaria adecuación ás condicións xerais da plantilla municipal e ó convenio regulador que esté vixente.

Esta proposta deberá levarse a cabo da seguinte forma:

- 1º) *Modificando, mediante o pertinente acordo plenario (a proposta do Consello da Xerencia), ós Estatutos do Organismo Autónomo, especialmente o seu artigo 13.1 que dispón que “o persoal municipal que se adscriba á Xerencia continuará figurando no cadro de persoal e relación de postos de traballo do Concello de Vigo, sen prexuízo da adscrición funcional a este organismo”. Este artigo deberá prever que o persoal municipal que se adscriba á Xerencia continuará figurando no cadro de persoal do Concello, pero ocupando postos incluídos na relación de postos de traballo deste organismo e mantendo a situación de*

servizo activo.

2º) Deberán integrarse todas as prazas do Organismo Autónomo no cadro de persoal do Concello, que deberá incluírse nos orzamentos xerais do Concello para a súa aprobación polo Pleno, conforme ó procedente legal e regulamentariamente establecido.

3º) Confeccionarase ó mesmo tempo unha relación de postos de traballo para o Organismo Autónomo, coa debida descripción das funcións a desenvolver por cada ún de aqueles. Esta relación de postos, unha vez aprobado o correspondente Orzamento, deberá ser aprobada, a proposta do Consello da Xerencia polo Xunta de Goberno Local e publicada no Boletín Oficial da Provincia.

A elaboración e tramitacións destas reformas e documentos deberá facerse ó longo do vixente exercicio 2008 (para que sexa posible a súa entrada en vigor a partir de xaneiro de 2009) e deberá coordinarse cos responsables da xestión do persoal do conxunto do Concello de Vigo.

Esta modificación pretende afondar na autonomía do Organismo, co obxectivo final que motivou a súa creación: realizar unha xestión das súas competencias de forma máis eficaz.

VI) ESTRUCTURA XERAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

A relación de postos de traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo está composta por 43 postos, que corresponden ó persoal propio do Organismo Autónomo. Nembargantes, o número de postos que corresponden a todo o persoal que presta servizo na Xerencia é de 103 (incluíndo os 63 postos do Concello adscritos á Xerencia). Na actualidade, destes 103 postos, 16 encóntranse vacantes (dos cuais 5 están cubertos interinamente).

Estos 103 postos estrutúranse en 6 áreas:

- 1) Xefatura-Secretaría.
- 2) Servizos Centrais.
- 3) Servizos Técnicos.
- 4) Planeamento-Xestión Urbanística.
- 5) Intervención Urbanística.
- 6) Oficina Municipal de Vivenda, de nova creación, que asumirá a planificación e a execución da política municipal en materia de vivenda.

IV) PROPOSTA.

Por todo o antedito, proponse á Xunta de Goberno Local (competente de conformidade co artigo 127.1.h) da vixente Lei de Bases de Réxime Local), a través do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, que adopte o seguinte acordo:

1º) Aprobar a relación de postos de traballo que de forma inseparada figura como anexo a este informe-proposta, contemplado as modificacións descritas e de acordo coas valoracións efectuadas na parte expositiva do mesmo e tendo as modificacións retributivas efecto dende o 1 de xaneiro de 2008.

2º) Incoar o expediente de modificación dos Estatutos da Xerencia co obxecto de integrar todo o persoal que presta servizo na Xerencia de Urbanismo nunha única relación de postos de traballo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO.- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2008.

I) AREA DE XEFATURA E SECRETARIA.

UNIDADE: XEFATURA (400).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
400.01	Xerente	1			01	EV	LD				titulado univ.		Eventual de confianza
400.02	Xefe de negociado	1	20	39	08	N	C	C1	AX	SA		3 T	

UNIDADE. SECRETARIA (401).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
401.01	Secretario (1)	1	28	6	02	S	LD	A1	AX	TS	6-7	T	
401.02	Auxiliar admvo.	1	16	166	11	N	CA	C2	AX	AU	4	V	Ocupado por un interino

(1) Tendrá as funcións do titular da Asesoría Xurídica respecto a este Organismo Autónomo.

UNIDADE: INFORMACIÓN E REXISTRO (404).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
404.1	Administrativo	1	18	56	09	N	CA	C1	AX	SA	3	V	Ocupado por un auxiliar (P.I.)

UNIDADE: SEGUIMIENTO, CONTROL E ARQUIVO DE EXPEDIENTES (405)

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
405.01	Arquiveiro	1	25	17	07	N	CA	A2	AE	TM	78	T	

II) AREA DE SERVICIOS CENTRAIS (407-408)

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
407.01	Director Area Servizos Centrais	1	28	6	02	S	LD	A1	AE/AX	TS	1	P	Adscrito prov. un Téc. Sup. Serv. Ec.
407.02	Téc. Medio Serv. Económicos	1	25	17	07	N	CA	A2	AE	TM	32-33	T	
407.03	Administrativo	1	18	56	09	N	CA	C1	AX	SA	3	V	Ocupado por un auxiliar (P.I.)
407.03	Auxiliar admvo.	1	16	166	11	N	CA	C2	AX	AU	4	V	Ocupado interinamente
407.04	Alguacil-notificador (2)	1	14	162	12	N	CA	E	AX	SU	5	V	Vacante sin interino

(2) Poderá realizar funcións propias de ordenanza.

UNIDADE: INFORMÁTICA (408)

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
408.01	Técnico de Sistemas	1	26	11	05	N	CA	A1	AE	TS	44	T	
408.02	Programador informático (3)	1	22	25	10	N	CA	C1	AE	TA	3	V	Vacante sin interino

(3) Poderá encomendárselle funcións de operario informático.

III) AREA DE SERVICIOS TÉCNICOS (403).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
403.01	Adxunto Xefe Serv.Técnicos	1	26	14	03	S	LD	A1/A2	AX/AE	TS/TM	1-2	P	Adscrito prov. enxeñeiro téc.obras púb.

SERVIZO: OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS (406).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
406.01	Xefe de Servizo	1	26	14	03	S	LD	A1/A2	AE	TS/TM	75	T	Posto transformado de Arquitecto
406.02	Arquitecto	1	26	10	04	N	CA	A1	AE	TS	75	T	

IV) ÁREA DE PLANEAMIENTO-XESTIÓN (410).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
410.01	Arquitecto	1	26	10	04	N	CA	A1	AE	TS	75	T	
410.02	Técnico Admon. Xeral	1	26	11	05	N	CA	A1	AX	TS	6-7	T	
410.03	Xefe de negociado	1	20	39	08	N	C	C1	AX	SA	3	T	

V) AREA DE INTERVENCIÓN URBANÍSTICA (420-424).

420.01	Arquitecto técnico	1	26	11	06	N	CA	A2	AE	TM	43	T	Vacante sin interino
420.02	Administrativo	1	18	56	09	N	CA	C1	AX	SA	3	V	Vacante sin interino

SERVIZO: EDIFICACIÓN-ITE (420).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
420.03	Técnico Admon Xeral	1	26	11	05	N	CA	A1	AX	TS	6-7	V	Ocupado interinamente
420.04	Inspector de Urbanismo	1	17	42	10	N	CA	C1	AE	TA	3	T	
420.05	Auxiliar admvo.	1	16	166	11	N	CA	C2	AX	AU	4	V	Vacante sin interino

SERVIZO: LICENZAS DE OBRAS (421).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
421.01	Arquitecto	1	26	10	04	N	CA	A1	AE	TS	75	T	
421.02	Técnico Admon Xeral	1	26	11	05	N	CA	A1	AX	TS	6-7	T	
421.03	Arquitecto técnico	1	26	11	06	N	CA	A2	AE	TM	43	T	
421.04	Xefe de negociado	1	20	39	08	N	C	C1	AX	SA	3	T	
421.05	Administrativo	2	18	56	09	N	CA	C1	AX	SA	3	T(1)V(1)	1 ocupado por un auxiliar (P.I.)

SERVIZO: LICENZAS DE ACTIVIDADES (422).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
422.01	Enxeñeiro técnico industrial	1	26	11	06	N	CA	A2	AE	TM	56	T	
422.02	Administrativo	1	18	56	11	N	CA	C2	AX	AU	3	V	Ocupado por un auxiliar (P.I.)

SERVIZO: DISCIPLINA URBANÍSTICA (423).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
423.01	Arquitecto	1	26	10	04	N	CA	A1	AE	TS	75	T	
423.02	Administrativo	1	18	56	09	N	CA	C1	AX	SA	3	T	
423.03	Inspector de Urbanismo	3	17	42	10	N	CA	C1	AE	TA	3	T	
423.04	Auxiliar admvo.	3	16	166	11	N	CA	C2	AX	AU	4	T(2)V(1)	1 ocupado interinamente

SERVIZO: BARRIOS HISTÓRICOS (424).

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADÉMICA	SIT	OBSERVACIÓNS
424.01	Arquitecto	1	26	10	04	N	CA	A2	AE	TS	75	T	
424.02	Técnico Admon Xeral	1	26	11	05	N	CA	A1	AX	TS	6-7	V	Vacante sin interino
424.03	Auxiliar admvo.	1	16	166	11	N	CA	C2	AX	AU	4	T	

NIVEIS RETRIBUTIVOS:

Nivel	Grupo	importe	C.D.	importe	C.E.	importe	TOTAL	ce-08(2%)	subida
01							67.825,11		641,94
02	A1	15.891,54	28	11.990,30	6	29.102,60	56.984,44	28.460,66	641,94
03	A1/A2	15.891,54	26	10.057,18	14	21.754,69	47.703,41	21.112,75	641,94
04	A1	15.891,54	26	10.057,18	10	17.178,92	43.127,64	16.665,37	513,55
05	A1	15.891,54	26	10.057,18	11	16.854,48	42.803,20	16.340,93	513,55
06	A2	13.487,18	26	10.057,18	11	16.854,48	40.398,84	16.340,93	513,55
07	A2	13.487,18	25	8.923,04	17	13.905,09	36.315,31	13.391,54	513,55
08	C1	10.053,96	22	7.343,84	25	11.949,23	29.347,03	11.538,38	410,85
09	C1	10.053,96	20	6.333,60	39	9.199,22	25.586,78	8.870,54	328,68
10	C1	10.053,96	18	5.686,52	56	6.888,97	22.629,45	6.593,15	295,82
11	C1	10.053,96	17	5.362,98	42	7.764,56	23.181,50	7.435,88	328,68
12	C2	8.220,80	16	5.040,28	166	8.126,27	21.387,35	7.797,59	328,68
13	E	7.505,26	14	4.393,34	162	8.658,35	20.556,95	8.329,67	328,68

CLAVES EMPREGADAS:

CDG:	código do posto.
DOT:	número de postos agrupados nesa liña.
NIVEL C.D.:	nivel a efectos de complemento de destino.
C.E.	complemento específico asignado ó posto.
COD.RETR.:	código retributivo.
TP:	tipo do posto (EV, eventual de confianza; S, singularizado; N, no singularizado)
FP:	forma de provisión (LD, libre designación; C, concurso; A, adscripción).
GRUPO:	segundo a clasificación da Lei 7/2007 (A1, A2, B, C1, C2, E).
ESCALA:	AX (administración xeral); AE (administración especial).
CP/SBE/CL:	CP=cuerpo; SBE=subescala; CL=clase.
SIT:	situación do funcionario: V, vacante; T, adscripción permanente; P, adscripción provisional)

TITULACIÓNS ACADÉMICAS:

Clave *

- 1 Doctor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.
- 2 Enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, F.P.3 ou equivalente.
- 3 Bacharelato superior, F.P. 2 ou equivalente.
- 4 Graduado escolar, F.P.1 ou equivalente.
- 5 Certificado de escolaridade.
- 6 Licenciado en dereito.
- 7 Licenciado en ciencias políticas e socioloxía.
- 32 Diplomado en ciencias económicas e empresariales.
- 33 Diplomado en dereito.
- 43 Diplomado en arquitectura-técnica.
- 44 Enxeñeiro.
- 56 Enxeñeiro técnico industrial.
- 75 Arquitecto superior.
- 78 Diplomado ou tres cursos de historia, xeografía e historia.

* Claves conforme as utilizadas polo Concello de Vigo (BOP 31/06/2005)

27(94).-DEVOLUCIÓN FIANZA A GRÚAS RAMA, S.A. EXPTE.54195/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 16.01.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 27 de novembro de 2007 e número de documento 70133559, solicítase a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal por GRÚAS RAMA TRANSPORTES Y ELEVACIONES, SA (CIF: A-36454486) con data 23-10-2007 e numero de operación 200700060705, por importe de 3.000,00 €, motivado polo permiso de circulación a r/ Urzaiz, 134 (zona peonil).

No informe de inspección de data 20 de decembro de 2007, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de (3.000,00 € – tres mil euros), a favor de GRÚAS RAMA, SA.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de (3.000,00 € – tres mil euros), a favor de GRÚAS RAMA, SA.

28(95).-INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NA TRAV. DE NUMANCIA. EXPTE. 54513/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 16.01.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

As vivendas situadas na Trvsía. de Numancia non dispoñen de saneamento, recollendo actualmente os verquidos en fosas sépticas, polo que os veciños de ditas vivendas veñen reclamando reiteradamente ó Concello que se lles facilite este servizo xa que esta situación é totalmente anormal para vivendas que están situadas totalmente no centro urbano da cidade.

Con ánimo de resolver esta situación a Concellería Delegada solicitoulle a Aqualia - empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento – o estudo da posibilidade de conectar ditas vivendas á rede de saneamento municipal, e que elaborara un presuposto para acometer as obras, de ser viable .

A concesionaria Aqualia solicitou á “ ESINPRO, S.L. Ingeniería “ un estudio técnico para dita conexión, e esta enxeñería pudo comprobar que resulta posible dar saída os verquidos de ditas vivendas conectándoas á rede de saneamento da Travsía. de Vigo a través da canalización existente que se instalou para dito cometido cando se construíron os edificios que dan hacia a Trvsía. de Vigo

Unha vez definidas por ESINPRO, S.L. as obras a levar a cabo para dita conexión o presuposto total das mesmas ascende a vinte e cinco mil seiscientos sesenta e un euros con sesenta e oito céntimos (25.661,68 €), IVE engadido

No presuposto vixente deste exercicio 2008 non se contempla partida presupostaria para executar estas obras, pero na conta de ingresos de acometidas – FONDOS PIC ás redes de abastecemento e saneamento municipais que xestiona a empresa concesionaria do servizo Aqualia sí existe actualmente crédito suficiente para dar cobertura a esta obra .

Polo anteriormente exposto este servizo de Vías e Obras proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

PROPOSTA:

1º.- Aprobar o proxecto básico redactado por ESINPRO,S.L. en xaneiro 2008 para executa-las obras de instalación dun colector da rede de saneamento que permita a conexión das vivendas da Trvsía de Numancia á rede de saneamento da Trvsía de Vigo, cun presuposto total de 25.661,68 €, IVE engadido .

2º.- Adxudicar a execución de ditas obras á Aqualia, - empresa consesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento- por un importe de 25.661,68 € (IVE engadido) e con cargo ó saldo da conta de ingresos de acometidas – FONDOS PIC ás redes de abastecemento e saneamento municipais que xestinona dita empresa como concesionaria do servizo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

29(96).- SOLICITUDE DE DELFIN TIME S.L. DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O EVENTO FÚTBOL PARK DE COCA-COLA OS DÍAS 2 E 3 DE FEBREIRO NA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL. EXPTE. 7636/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 22.01.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Delfin Time, S.L., a organizar os vindeiros días 1,2 e 3 de febreiro de 2008o , o evento FÚTBOL PARK DE COCA-COLA, na pista de patinaxe de Samil cos horarios seguintes: día 2 e 3 de febreiro: de 11.00 a 14.00 horas, e de 16.00 a 19.00 horas”

30(97).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.